

UN PASEO POLA ARQUITECTURA RACIONALISTA EN VIGO

IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO

Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais


A cidade de Vigo dispón dun repertorio de edificios e construcións racionalistas que están integrados na paisaxe urbana e que se pretende difundir e valorar; neste folleto recóllese unha selección das obras máis significativas desta corrente da arquitectura marcada polas reinterpretacións locais ao longo dunha década (1934-1944).

O racionalismo como manifesto construtivo asúmese en Vigo, a partir de 1932, polo arquitecto Francisco Castro Represas, quen manifesta que "a arquitectura racionalista é unha arte utilitaria", en contraposición ás tendencias rexionalistas que primaban ata ese momento. O racionalismo en Vigo establece unha ponte, ata mediados dos anos corenta, coas correntes europeas caracterizadas pola vangarda.

O Concello de Vigo, co apoio entusiasta e patrocinio da Fundación Caixa Galicia, promove un programa divulgativo da arquitectura racionalista en Vigo que consiste na edición dunha publicación cuxo autor é o arquitecto Jose L. Varela Alén e na colocación de placas identificativas dos edificios deste roteiro.

Convidámosvos a seguir a ruta proposta, paseando polas rúas vigoesas imaxinando o contexto das construcións, a época e a forma de vida daquel momento.

PLANO DE LOCALIZACIÓN



- | | |
|---------------------------|---------------------------|
| 1. Edif. Galoya | 7. Edif. Curbera |
| 2. Edif. Sanchón | 8. Edif. Iglesias Curty |
| 3. Edif. Crespo Filgueira | 9. Escola de Comercio |
| 4. Banco de España | 10. Bloque de viv. Pernas |
| 5. Edif. Cesáreo González | 11. Edif. Albo |
| 6. Edif. Alonso Giménez | 12. R.C. Náutico |

Depósito legal:

O Concello de Vigo e a Fundación Caixa Galicia editaron o libro "Arquitectura racionalista en Vigo", cuxo autor é o arquitecto Jose Luis Varela Alén; estas entidades tamén instalaron nas beirarrúas placas identificativas dos edificios desta ruta.

Autor de textos e planos: Jose L. Varela Alén



RUTA DE ARQUITECTURA RACIONALISTA

EN VIGO



Concello de Vigo
Cultura



Concello de Vigo
Cultura

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

EDIFICIO DE OFICINAS E VIVENDAS **GALOYA** (SALGUEIRO) 1

Javier Albernas



Ano 1934
Romualdo Madariaga Céspedes, arq.
Porta do Sol / Travesía Príncipe, 2

A idea de dinamismo, vinculada a imaxes aerodinámicas de orixe expresionista queda reflectida na forma resultante do edificio dedicado fundamentalmente a oficinas. Os ocos de ventá repítese marcando franxas verticais, amortecidas polo material cerámico e o seu debuxo da parte superior, que se mestura cunha cantería con escaso ornamento nas plantas inferiores.

EDIFICIO DE VIVENDAS **SANCHON** 2



Ano 1935
Francisco Castro Represas, arq.
r/ Policarpo Sanz, 28-34

Neste edificio un novo Francisco Castro intenta facer convivir dúas linguaxes arquitectónicas en principio contrapostas: o emprego dos modos tradicionais de construción exemplificados pola local utilización do granito e elementos formais que proveñen dunha linguaxe renovadora, no que a simplicidade de formas se refire. A singularidade do portal e escaleira merecen un recoñecemento especial.

EDIFICIO DE VIVENDAS **CRESCO FILGUEIRA** 3

Manuel G. Vicente



Ano 1938
Francisco Castro Represas, arq.
r/ Cuba, 2

Moitos dos elementos de fachada empregados no edificio Sanchón reaparecen nesta obra. Mestura motivos de forte verticalidade (remates laterais) con outros horizontais (balcóns e ventás). O portal é outro exemplo de xenerosa concesión de espazos a quen accede dende o exterior.

BANCO DE ESPAÑA (CASA DAS ARTES) 4

Javier Albernas



Ano 1938
Romualdo Madariaga Céspedes, arq.
r/ Policarpo Sanz c/v Reconquista

O terreo en esquina onde se levanta o edificio atópase fronte ao edificio García Barbón proxectado por A. Palacios, o que condicionou seguramente ao arquitecto na realización dun chafrán na intersección dos dous planos de fachada ás dúas rúas. Fachada sen apenas elementos ornamentais. Distribución arredor dun gran patio iluminado cenitalmente, esquema repetido neste tipo de edificios.

EDIFICIO DE VIVENDAS **CESAREO GONZÁLEZ** 5

Arquivo Pacheco



Ano 1938
Francisco Castro Represas, arq.
Praza de Portugal, 2

Un dos poucos exemplos de emprego de materiais inusuais na fachada, resolta con fábrica de ladrillo rebocado e pintado. A volumetría exterior encarna unha das mellores versións aerodinámicas do racionalismo na cidade, con grande economía formal no seu tratamento: balcóns en curva de peto macizo, ollos de boi e ventás e esgrafados horizontais. Excelente escaleira de formas aerodinámicas.

EDIFICIO DE OFICINAS **ALONSO GIMÉNEZ** 6

Arquivo Pacheco



Ano 1938
Jenaro de la Fuente Álvarez, arq.
r/ Areal c/v Pontevedra

Edificio de oficinas de tres fachadas sendo a do chafrán a que se erixe con maior presenza e altura. Desprovisto de ornamentación. Os muros portantes de cantería de granito condicionarán as dimensións dos ocos. O elemento da escaleira e os espazos comúns son de brillante execución e xenerosidade.

EDIFICIO DE VIVENDAS **CURBERA** 7

Manuel G. Vicente



Ano 1939
Francisco Castro Represas, arq.
Av. García Barbón, 30

Introdución na cidade da tipoloxía dun edificio de grande altura. Fachada principal con acentuada simetría, cun eixe moi marcado verticalmente, incluso cromaticamente, reservando as superficies laterais á horizontalidade reflectida nos ocos de ventás e balcóns rematados en curva. Marcada austeridade nos ornamentos. As formas aerodinámicas repítese nun xeneroso acceso ao portal.

EDIFICIO DE VIVENDAS **IGLESIAS CURTY** 8

Arquivo Pacheco



Ano 1940
Jenaro de la Fuente Álvarez, arq.
r/ Reconquista c/v Pr. Compostela

A confluencia de diferentes estilos volve a estar presente: as ideas que proveñen do ideario racionalista reflíctense na volumetría e tratamento exteriores (occos apaisados, elementos saíntes sinxelos e superpostos e vidros curvos). Por outra banda xorden liñas verticais e enmarcados nos ocos de esquina. Edificio mutilado no remate en esquina o que lle resta presenza. Vidrieras únicas no interior.

ESCOLA UNIV. DE CC. EMPRESARIAIS **ESCOLA DE COMERCIO** 9

Manuel G. Vicente



Ano 1940
Jenaro de la Fuente Álvarez, arq.
r/ Torrecedeira, 105

Quizais sexa este edificio onde Jenaro de la Fuente aplica de maneira máis sincera as ideas construtivas, espaciais e formais máis afíns ao racionalismo iso si, fóra de contexto polo ano de execución. Combinación de tres prismas dedicados a diferentes funcións. Grande economía formal e ornamental. Outros dos poucos exemplos onde non se emprega granito na fachada.

BLOQUE DE VIVENDAS **PERNAS** 10

Manuel G. Vicente



Ano 1941
Francisco Castro Represas, arq.
Praza de América

A posibilidade de realizar un edificio en cuarteirón triangular permitirá ao arquitecto por en práctica moitas das ideas racionalistas en canto a materiais empregados e na austeridade ornamental, con predominio da horizontalidade no conxunto salvo excepcións de elementos verticais nas frentes centrais. Claridade na distribución das vivendas, dando fronte á rúa ou ao gran espazo interior.

EDIFICIO DE VIVENDAS **ALBO** 11

Javier Albernas



Ano 1942
Francisco Castro Represas, arq.
Pedro Alonso Pérez, arq.
r/ Urzáiz c/v Gran Vía

A prolongación no tempo na execución do edificio determinou que se realizaran cambios sobre o proxecto orixinal máis acordos co novo réxime, adoptando interpretacións neoclásicas e elementos reinterpretados doutras linguaxes. Pero o edificio mantén as súas franxas horizontais que unifican os ocos de ventá, rematados en curva, incluídos os vidros e os pregos das ventás en esquina.

EDIFICIO **REAL CLUB NÁUTICO** 12

Manuel G. Vicente



Ano 1944
Francisco Castro Represas, arq.
Paseo das Avenidas

Edificio estreitamente ligado ao Club Náutico de San Sebastián, redactado quince anos antes. Ao ser inusual reflectir o ideario racionalista na posguerra, o edificio mostra unha aparencia de barco a través das formas e elementos aerodinámicos que asoman ao mar. Empregouse unha novedosa cimentación de pilotes baixo a auga que emerxen unidos por unha sutil estrutura de formigón.